



MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE ORDENACIÓN DO TRÁFICO

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A competencia sobre o tráfico rodado é unha das principais que corresponden as administracións locais. En concreto están detalladas no artigo 7 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, segundo o cal corresponde ós Concellos a regulación, ordenación e disciplina do tráfico nas vías urbanas, a regulación mediante ordenanza dos usos en vías urbanas, a distribución de aparcamentos ou a restrición da circulación a determinados vehículos nestas mesmas vías urbanas.

Na pasada campaña electoral tódalas formacións políticas presentes no pleno tivemos a ocasión de pulsar a opinión da ciudadanía. A nosa formación dende logo que o fixo para a elaboración do programa electoral mediante reunións sectoriais, enquisas ó sector comercial e aportacións espontáneas da veciñanza, e sen lugar a ningunha dúbida a problemática do tráfico no centro da vila era a máis repetida por tódolos sectores. Falábase de problemas de aparcamento pero tamén de falta de disciplina e de control, cunha tolerancia das actitudes incívicas dos condutores.

As causas do problema veñen de lonxe e son unha combinación de factores xerais con outros más locais da nosa vila. Entre os xerais destaca a cada vez maior mobilidade en vehículo privado e a centralización de servizos nas áreas urbanas intermedias, fenómenos comúns en todo o rural galego. En canto ós factores locais destacamos unha planificación urbana inexistente, que fixo que non se reservaran espazos para aparcamentos, que as rúas de nova traza sexan deficientes en canto a anchos e que non se planificara a malla urbana, de tal xeito que a maior parte do tráfico teña que seguir discurrindo polas mesmas rúas do centro.

Levamos anos únicamente con medidas curtopracistas. Hai algo máis dunha década co establecemento de sentidos únicos en diversas rúas e máis recentemente hai 3 anos co estreitamento de carrís na avenida de Monforte; todo iso para que colleran máis coches. Iso non soluciona nada a longo prazo, todo o contrario, xa que crea maior efecto chamada para máis uso do vehículo privado.

Por outra parte existe un gran problema de deixación de funcións da administración local respecto das actitudes incívicas. En Chantada abúsase da dobre fila, o aparcamento en lugares indebidos, prohibidos ou que impiden a visibilidade, a carga e descarga a deshora e ocupando o viario público, etc; que redunda nun caos circulatorio. Pero non é casalidade: ocorre porque se sabe que estas actitudes non teñen ningún tipo de



repercusión. Chantada está sumida na lei da selva no que a tráfico se refire no cal calquera infractor pode facer o que queira sen que tema polas consecuencias porque non as hai. Aparte que non se limita para nada o tráfico de pesados no centro polo que se acumulan os deterioros nas rúas como consecuencia da elevada carga por eixo, como ocorre por exemplo na Praza de Santa Ana. Isto merece que se poñan os medios municipais para remedialo.

As solucións non son sinxelas nin rápidas. Por iso nos acordos propostos hai medidas a longo prazo relacionadas coa planificación urbana con outras a curto e medio que axuden a paliar o problema.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1) Solicitar informe á Policía Local para que nun plazo de 3 meses se implementen na vila de Chantada cambios no tráfico baixo as seguintes premisas:
 - a) Restrinxir o tráfico de vehículos pesados polo casco urbano .
 - b) Incrementar a permeabilidade entre as distintas zonas da vila.
 - c) Limitar a necesidade de acceso con vehículo privado ó centro da vila.
 - d) Análise do impacto no tráfico da futura peonalización do Casco Antigo.
- 2) Incluir dentro da planificación urbana do Concello e nomeadamente no Plan Xeral de Ordenación Municipal a mobilidade e o aparcamento como criterio básico e se analice o impacto no tráfico nos instrumentos de desenvolvemento urbanístico.
- 3) Instar ó Goberno municipal para que nun prazo de 6 meses propoña ó Pleno unha Ordenanza Municipal de Circulación.
- 4) Instar ó Goberno municipal para que se contacte con propietarios de soares sen uso no casco urbano que poidan ser habilitados provisionalmente como aparcamentos.
- 5) Instar ó Goberno municipal a que desenvolva unha campaña de concienciación por fases sobre actitudes cívicas sobre o tráfico e o aparcamento de vehículos, realizando unha edición de trípticos informativos e advertencias e consellos dos axentes da Policía Local como paso previo á imposición de sancións.

Chantada, 12 de xullo de 2019,

Asdo. Raquel López Rodríguez
Voceira do Grupo Municipal Socialista
Concello de Chantada